

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa do seu deputado **Juan Manuel Fajardo Recouso**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Dende diversas comunidades educativas das escolas infantís do país, pero sobre todo dende a AMPA “O Año Pitaño” da escola Infantil de Carril en Vilagarcía de Arousa, veñen denunciando o continuo deterioro do modelo educativo das escolas infantís galegas, onde se elimina o concepto educativo e formativo por un retrógrado modelo de garda e custodia que pensabamos superado.

Fronte aos grandilocuentes anuncios de incremento de prazas nas escolas infantís de Galicia que ocupan o total dos discursos do Sr. Feijoo, a realidade é ben distinta, xa que no conxunto da rede galega estanse a suprimir prazas tanto de mestres educadores e PSX, situación que afecta a máis de 35 centros.

É a propia Consellería quen abandona os seus principios xa que de apostar pola redución de ratios alumnos por educador e a procura da parella educativa, esta figura é xa parte da arqueoloxía da rede pública, o que provoca un retroceso brutal na calidade da asistencia recibida polos nenos e nenas.

Polo exposto, formulamos a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a suprimir a política de amortización de prazas na rede galega de escolas infantís de Galicia, de xeito que se recupere a identidade e calidade coa que foi creada, superando o modelo de garda e custodia que parece pretender a Consellería e instaurando o concepto de parella educativa en tódalas unidades da rede.

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2015.

Asdo.: Juan M. Fajardo Recouso

Deputado do G.P. da AGE.

Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 16/11/2015 17:22:22

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 16/11/2015 17:22:30